

BASES DE PARTICIPACIÓN: SORTEO ESPECIAL "UN AGASALLO PARA MAMÁ" 2026

Primeira. Obxecto e organización: Este sorteo, convocado e organizado pola Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa (AECA) con motivo da celebración do **Día da Nai**, ten como obxectivo a incentivación do consumo no Centro Comercial Aberto de Arzúa e a fidelización de clientes. Consiste no sorteo de **5 mercas gratis**. Serán 5 os clientes premiados de entre tódalas mercas rexistradas durante esta campaña que cumpran coas presentes bases.

Segunda. Condicións de participación:

- Poderá participar calquera persoa maior de idade que realice e rexistre unha merca no CCA de Arzúa (establecemento asociado a AECA)
- O valor da merca debe ser de **máis de 15€**.
- O período válido das compras comprende dende o **20 de abril ata o 3 de maio de 2026**, ambos inclusive.
- Para participar, depositarase na urna de AECA (dispoñible nas tendas asociadas) o tícket de merca co nome completo e o número de teléfono da persoa participante anotado.
- Se sae premiado un tícket cunha data fóra de prazo ou un importe inferior ao mínimo establecido quedará invalidado e sacarase outro.
- Unha mesma persoa pode rexistrar tantas mercas como desexe, pero non poderá gañar máis dun premio.

Terceira. Sorteo e premios:

- O sorteo terá lugar o **05/05/2026** dende a emisora de Radio Arzúa en directo.
- Os 5 gañadores recibirán o importe equivalente á merca gañadora, cun **reembolso máximo de ata 100€**.
- O premio deberá destinarse obrigatoriamente ao consumo en calquera establecemento asociado a AECA, xa sexa de comercio, servizos ou hostalería.
- Para reclamar, o gañador previamente deberá xustificar o gasto do premio, presentando na sede de AECA tickets de locais asociados con **data posterior ao sorteo** por un importe igual ou superior ao premio.
- O prazo para canxear e reclamar os premios rematará o **5 de xuño de 2026**.

Cuarta. Protección de datos: Recolleranse os datos persoais necesarios para a operativa do sorteo e entrega de premios, respectando a normativa de Protección de Datos. Os titulares poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito e fotografía do DNI ao CCA de Arzúa, con enderezo no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º.

Quinta. Dereitos de imaxe: Os gañadores ceden os dereitos de imaxe das fotografías que se tomen durante a recepción do premio para os fins informativos e publicitarios da Asociación.

Sexta. A participación neste sorteo implica a total aceptación das presentes bases depositadas na Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa.